

Vattene!

Publicado o 29 Xaneiro 2013 por [Armando Requeixo](#)



Complexamente surreal, deliciosamente absurda e fondamente onírica. Así podería definirse [Vattene!](#), a novela curta que o narrador e poeta [Alberte Momán](#) propón dende o selo alternativo [A Porta Verde do Sétimo Andar](#).

É difícil orientar o lector no contido deste relato longo. Talvez o mellor sería explicar o que non é. Porque se algo está claro é que a Momán non lle interesan as estruturas convencionais, os personaxes sobexos e o imaxinario adoito. O seu é situar un personaxe no medio dun escenario case que post-apocalíptico e lanzalo a unha fuxida sen destino, unha escapada cara a un adiante impreciso, cun desdobraemento da personalidade bipolarizando unha loita entre o Ben e o Mal que en cada un de nós aniña para, xa despois, defrontar ese mesmo personaxe con toda unha galería de demos interiores e ameazas exteriores e contextuais que veñen simbolizando a loucura, a desmesura e o despropósito da nosa sociedade, do mundo noso, tan esquizofrénico el.

Granell, Pasolini e ata o propio Curros máis divinosainetesco comparecen en *Vattene!*, unha sorte de caída polo tobo do coelliño ata un inferno dantesco no que Vian se tería sentido como na casa.

A violencia creativa das situacións propostas, a pulsión visual das atmosferas recreadas e a sutil denuncia que destilan os parlamentos como luzadas de metralla son outros tantos acertos deste relato co que Alberte Momán confirma o singularísimo da súa voz no concerto literario actual.

Esta entrada foi publicada en [Crítica literaria](#), [Narrativa galega actual](#) e etiquetada [A Porta Verde do Sétimo Andar](#), [Alberte Momán](#), [Crítica literaria](#), [Narrativa galega actual](#), [Vattene!](#). Garda a [ligazón permanente](#).